

A costa de Soavela: os perigos viñan do mar

César Varela

A NOSA TERRA. Nº 206/ Do 19 ao 25 de novembro/1982

A Costa de Soavela é a parte da península do Morrazo que dá ao mar aberto entre o Cabo Home e a punta de Couso; é unha costa alta con inormes faralleiros desde onde se contemplan nunha impresionante vista, á esquerda as illas Cíes, na boca da ría de Vigo e á dereita a illa de Ons pechando a ría de Pontevedra.

Semella como un inorme muro ou valado tan grandioso que posibelmente a este morro avanzado no mar lle deba o nome toda a península do Morrazo.

Soavela, significaría pois, Sub-a-vela, ou sexa, "debaixo da vela" na mesma liña que moitos outros nomes galegas como Socastro, Soigrexia ou Sochao que proceden respectivamente de Sub-castro, Sub-igrexia ou Sub-chao.

O nome de Vela refírese ao feito de Velar, pois nun enorme promontorio chamado hoxe, O Facho, hai unha antiga garita de pedra, que en tempos debeu ser un lugar de centinela, ou de vela dos perigos que podían vir polo mar; baixo este promontorio, que á súa vez é un castro, exténdese a costa de Soavela.

Outro monte do Morrazo chámase A Esculca e fai tamen referencia á vixilancia sobre o mar, pois dalí podían sempre vir os inimigos; non en vano na Lanzada e nas Torres do Oeste de Catoira xa o arcebispo Xelmírez puxera as súas defensas contra as invasións marítimas dos normandos, dos que Galiza sufriu varias incursións.

No caso de Cangas, estas vixías estaban ben xustificadas, pois aínda así a vila non puido librarse. Da tremenda ferocidade dos piratas turcos.

Estes puntos de vixilancia non foron exclusivos da costa Galega pois o interior do país está cheo de montes con nomes relativos ao uso de velar, Outeiro da Vela, O Farelo, O Facho, A Esculca, A Garita ou Atalaia fan referencia á tal función de centinela.